



Federación de Traballadores
do Ensino
Comisión Executiva Nacional



Membro fundador da IE e afiliado ó CSEE

REFERENCIA DA MESA SECTORIAL DE EDUCACIÓN

Santiago de Compostela, 30.06.10

LAMENTABLE ACTITUDE DA CONSELLERÍA NA NEGOCIACIÓN DO DECRETO DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

Hoxe ás 11 h. reunese a MS para tratar a orde do día establecido:

1. Decreto polo que se regula a planificación, estrutura, organización e funcionamento da formación permanente do profesorado dos centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia sostidos con fondos públicos
2. Rogos e preguntas.

Participan o Director xeral de Educación, FP e Innovación (JL Mira), o Sudirector de RRHH (JL Canosa), o Subdirector de Innovación (José Graña), o xefe de servizo de formación do profesorado (JM Cotelo) e un funcionario que exerce de secretario. Polas OOSS participan UGT, CIG, CCOO, ANPE e STEG.

As OOSS ENVIAMOS UN ESCRITO SOLICITANDO O TRASLADO DA MS PARA O VINDEIRO CURSO.

FETE - INFORMA

SR. PRESIDENTE DA MESA SECTORIAL DE EDUCACIÓN DE GALICIA




As organizacións sindicais CIG, CCOO, UXT, ANPE e STEG que representamos ó profesorado do ensino público de Galicia, queremos deixar constancia do noso descontento e desacordo co funcionamento da Mesa Sectorial .

Analizada a convocatoria da reunión da Mesa Sectorial para o mércores 30 de xuño, na que se “negociará” o proxecto de decreto polo que se regula a planificación, estrutura, organización e funcionamento da formación permanente do profesorado dos centros educativos da comunidade autónoma de Galicia sostidos con fondos públicos, desexamos manifestarlle o seguinte:

- 1.- Non imos facer alegacións por escrito a este proxecto de decreto por entender que non está acordado no funcionamento da Mesa Sectorial. Calquera cambio no funcionamento da Mesa Sectorial deberá contar coa unanimidade das OOSS con representación.
- 2.- A negociación dun decreto destas características no fin de curso e co horario lectivo finalizado, sen a participación do profesorado, parece unha actitude antisindical, antinegociadora e autoritaria que en nada favorece á formación continuada do profesorado e ó sistema educativo galego.
- 3.- Solicitamos o traslado desta negociación para o vindeiro curso, dado que o decreto vaise poñer en vigor ó longo do próximo curso.

Santiago de Compostela, 25 de xuño de 2010.

CIG CCOO UXT ANPE STEG



A Consellería non respostou e alega que non ten coñecemento do escrito presentado (ao Director xeral). Logo alega que o coñecía o Director Xeral de centros e RRHH e que lle comentara que as OOSS pedían o traslado desta mesa.

Logo da polémica e un receso solicitado polas OOSS, a UGT xunto con STEG e CIG manifesta que non entrará no debate e “negociación” deste decreto, por respecto ao



profesorado, por negarlle a súa participación, por empeñarse en levar a cabo a reunión desta mesa contra toda a opinión da representación sindical do profesorado.

Seguimos estando na mesa facéndolle saber á Consellería que faremos as alegacións no momento temporal adecuado e coa participación do profesorado.

CCOO e ANPE entran a facer alegacións ao decreto mentres os demais permanecemos en silencio en sinal de protesta pola actitude da Consellería.

Logo das intervencións e propostas dos sindicatos que deciden participar na mesa o Director xeral, responde:

- As funcións do CAFI serán revisadas e poderán cambiar en función das aportacións e mellora de redacción.
- A dependencia do persoal de CAFI da Xefatura Territorial obedece a razóns administrativas e orgánicas.
- As institucións colaboradoras serán as universidades, as OOSS, os MRPs, etc. Establecerase unha canle de participación para estas entidades colaboradoras.
- Potenciarase a formación en centros.
- A avaliación será anual.

ROGOS E PREGUNTAS:

A UGT fai os seguintes rogos, consideracións e preguntas:

- Incorporación do escrito de todas as OOSS pedindo o traslado da Mesa que debatou o decreto de formación do profesorado.
- Calendario de temas a tratar na MS e día fixo da semana para reunións.
- Oferta de FP e de adultos que non pasou por esta mesa e tampouco tivo o tratamento legal no Consello Galego de FP.
- Pregunta concreta sobre a supresión da oferta de adultos no IES Ferrolterra.
- Situación das permutas provisionais solicitadas.
- Comunicación a suprimidos e desprazados por falta de horario.
- Pregunta sobre as instrucións de funcionamento dos comedores escolares, que denegan o dereito de ser comensais aos mestres que non colaboran no comedor escolar.

RESPOSTAS DA CONSELLERÍA:

Canosa:



FETE – INFORMA

Non saben que vai pasar coas permutas provisionais. Hai informes en contra. Está á decisión en intervención delegada.

Funcionarán dúas extensións de EEOOII, unha en Nigrán e outra en Negreira.

Estase no proceso de comunicación ó profesorado afectado de supresións e desprazado por falta de horario.

Mira:

A oferta de FP e a modificación das ofertas de adultos non son competencia desta MS.

Tampouco son competencia desta MS os libros de texto, o ensino infantil 0-3, etc.

O tema comedores e transporte será transmitido aos departamentos correspondentes.

Anuncia que haberá un regulamento desta MS.

PÚBLICA DE FETE-UGT/GALICIA